

HAJAR

A cámara capta o que os meus ollos negan ver. Axusto o obxectivo para fotografar os cascallos da cidade onde medrei; recoñezo lugares polos esqueletos das infraestruturas que aínda se manteñen en pé. Exhalo un triste lamento. Unha suave airexa abanéame coma unha feble folla movida polo *Shamal* levantando unha mesta poeira que me arrouba. Deambulo ata dar co ¹بقالة, nada é igual a pesar de que a miña mente debuxa unha fráxil imaxe que semella real; podo escoitar o son metálico das teclas da caixa rexistradora, tamén as amables palabras coas que miña nai trataba a clientela, incluídos os que lle falaban con desdén. Ao carón está o ²حديقة completamente destruído; contemplo árbores acernadas, fontes secas e camiños desdeixados. Resiste unha randeeira que renxe ao abalar sen ninguén empurrándoa, coma a furia das mulleres asasinadas polo feito de seren mulleres. Acoro cunha carreiriña que me leva dúas rúas máis arriba. Abafo. Unha maravallada de lembranzas golpéame coma labazadas ao atoparme diante da ³مدرسة, ou mellor dito, do que queda da escola; as cores intensas que decoraban as paredes apagáronse dando paso a un eslamiado gris violento. A mestra escoita atenta un grupo de alumnas recitaren un poema de paz; recoñézoas a todas, teñen as mans entrelazadas, zapatean un enérxico baile formando unha roda. Achégome con precaución e canto máis me achego máis graves se volven as súas voces, máis xiran, máis patexan contra o chan; entón miro en fite a mestra que me grita *coida de ti mesma* e esvaecen coma fume. Ando con paso lixeiro por aquelas calellas facendo medrar a miña rabia. Afociño tras tropezar coa inxustiza. Por que eu si puiden salvarme e elas non? Maldita torpona! Aproxímome ata a ⁴صيدلية dunha boa amiga silenciada pola lei do seu home. Asómbrome ao descubrir intactos os abarelos que conservan ungüentos. Elixo un ao chou e afundo os dedos na pomada de nostalxia elaborada con mel, aceite de lavanda e cúrcuma. Cheira a terra asoballada, a pureza violada, a soños truncados e a sangue de

¹ *Baqala* (árabe) - ultramarinos (galego)

² *Hadīqa* (árabe) – parque (galego)

³ *Madrassa* (árabe) – escola (galego)

⁴ *Saydaliyya* (árabe) – botica (galego)

nai que quere volver parir. Aplico a mestura viscosa, proe, *ai!*, moito. Sopro unha bafarada fría e calmo o formigueiro; así facía a avoa, a tesoureira dos coidados menosprezados. Detéñome ao escoitar un estrondo inequívoco que me impulsa a refuxiarme no túnel que separa a cidade en dúas metades. Cáeme unha pinga no cabelo, asfixia a humidade, a maleza resiste agochada do mundo hostil, zunan varios insectos dispostos a atacarme. Camiño devagar, transformándome, a cada paso, nesa cativa que arrincaron do testo. Pouco a pouco retrocedo ata ese día polo pasadizo do tempo. Saio fóra. Continúa, sen cesar, o ruído percusor das máquinas traballando na construción do muro.

Era a quenda de Nour. Todas nós aplaudimos con xúbilo, conseguira unha boa tirada que a puña en cabeza. Tras dela foi Reem, a gacela branca. Fixou a mirada no número dez, confiabamos nela, pero ela non confiaba en si mesma. Balanzou o brazo para coller impulso; porén, non foi suficiente, tan só alcanzou a casa número tres; saltou á pata coxa, recolleu a pedra e volveu á posición inicial. Xusto antes de dar o último chimp, vímolos como se acercaban rechos, seguros, brandindo armas. Apuntábons para infundirnos medo, a nós, nenas de catorce anos. Ardíanlles os ollos namentres esculpían un sorriso malicioso. Amal berregou un alarido enxordecedor que se perdeu tras das montañas. Lanzámoslles os croios para defender a nosa honra. Nour morreu dun disparo. Ataron a Reem e pasárona coma unha pelota. Amal retorcese para liberarse do soldado que a forzaba. Eu perdín o coñecemento cun golpe de culata.

Activo a cámara en modo vídeo e logo collo unha حجر⁵. Míroa uns segundos, coma se nela puidese condensar o que sinto. Ecoan as voces de todas as mulleres que habitan en min. Lánzoa e conto sete. É un xesto pequeno, insignificante, mais con el consigo converterme na nena que me roubaron ser.

⁵ *Hajar* (árabe) – pedra (galego)